

# OBRADOIRO DE + MEMORIA

## ACTIVIDADES Maio

19 de Maio de 2020

19 de Maio de 2020

**1- Le a seguinte lenda e responde as preguntas co que lembres sen mirar o texto.**

## Alegrín

Na parroquia de Suegos, O Vicedo (Lugo) hai un areal situado entre as puntas do Fuciño do Porco e dos Monxes que, polo seu difícil acceso, non figura nas guías turísticas. E a coñecida como a praia de Alegrín, nome, ao parecer, que tomou dunha pequena aldea que existiu no lugar hai preto de dous mil anos. Segundo a lenda, os habitantes deste agreste recuncho vivían felices e alegres (de aí o nome), alleos aos couces da vida. Mais, para que ninguén os perturbara, non permitían que ningunha persoa foránea entrara na vila, como tampouco axudaban aos necesitados, fóra dos seus, por medo a que lles contaxiara as súas penas. Unha mañá de inverno, moi cedo, uns pescadores atoparon un náufrago; o home, sen apenas forzas, demandoulles axuda. Mais os pescadores, en vez de auxilialo, subírono nunha barca e abandonárono no inhóspito illote Gabeiras.

Esa mesma noite, enxordecedores tronos, precedidos de apavorantes lóstregos, acalaron as risas que saían dos fogares; os habitantes de Alegrín, medorentos, asomaron ás ventás e viron como desde o illote Gabeiras partía unha enorme onda. Disque o náufrago era un apóstolo, non se sabe se Santiago ou Santo André que, como castigo pola falla de caridade dos moradores de Alegrín, somerxeu baixo o mar a feliz aldea. Preto da praia hai un lugar coñecido como A Ruda, sitio que, contan, utilizaban os veciños de Alegrín como cemiterio.

### **BIBLIOGRAFÍA**

[Lenda remitida por Xabier Moure Salgado, de Pontide, Suegos, O Vicedo (Lugo), en maio de 2009. Fonte oral: José Ínsua]

1. Cal é o título do texto?
2. En que parroquia esta situado o areal?
3. Por que non figura nas guías turísticas?
4. De onde ven o nome da praia?
5. Que temían os seus habitantes?
6. Como se chama o illote onde abandonaron ó home?
7. Quen din que era o náufrago?

**2- No seguinte enlace atoparás un vídeo co que traballar a atención e a memoria. Presentarase un panel con froitas e terás que recordar a posición que ocupan para saber cal cambia de lugar. No vídeo atoparás as instrucións necesarias:**

<https://www.youtube.com/watch?v=stLFXMhM9X0>

**3- Neste enlace hai un reto para probar a túa atención selectiva. O vídeo consta de dúas probas nas que haberá que seguir coa vista un obxecto, despois de cada unha delas, facilitarase a resposta.**

<https://www.youtube.com/watch?v=aHDkgNdt04Q>

**4- Memoria visual. Debaixo destas liñas temos representada unha obra de René Magritte chamada " O fillo do home". Observa a pintura durante 10 segundos e trata de recordar tódolos detalles que poidas para responder as seguintes cuestións.**



- 1. Que tapa parcialmente a cara do home?**
- 2. Leva garabata ou paxariña?**
- 3. Cantos botóns do abrigo leva abotoados?**
- 4. O home está sentado ou de pé?**
- 5. Porta algo na man dereita?**

**5- Cálculo. Realiza as seguintes operacións aritméticas:**

a)  $190 + 255 =$

b)  $690 + 492 =$

c)  $190 + 284 =$

d)  $3.097 + 1.974 =$

e)  $1.492 + 1.762 =$

f)  $325 - 320 =$

g)  $112 - 98 =$

h)  $44 - 25 =$

i)  $480 - 75 =$

k)  $486 - 386 =$

**6- Atención e memoria. Pinta no segundo cadrado so os recadros que aparecen marcados no primeiro empregando a cor que se indica.**

<b>Vermello</b>	<b>Verde</b>			<b>Negro</b>	<b>Vermello</b>
<b>Azul</b>		<b>Verde</b>	<b>Azul</b>	<b>Verde</b>	
<b>Verde</b>	<b>Amarelo</b>		<b>Amarelo</b>		<b>Azul</b>
<b>Amarelo</b>		<b>Azul</b>	<b>Vermello</b>	<b>Amarelo</b>	<b>Amarelo</b>
	<b>Vermello</b>	<b>Amarelo</b>		<b>Azul</b>	<b>Verde</b>
	<b>Azul</b>	<b>Vermello</b>	<b>Verde</b>		
<b>Negro</b>		<b>Negro</b>	<b>Negro</b>	<b>Vermello</b>	<b>Verde</b>


--	--	--	--	--	--

**7- Ordena as seguintes letras construindo palabras que teñan significado:**

- 1-larcama**
- 2-radeica**
- 3-xeipe**
- 4-alboroebt**
- 5-agnrxa**
- 6-Elandasa**
- 7-Cshaurcor**
- 8-ntrupia**
- 9-balcoa**
- 10-ooxt**

**8- Atención. Busca no recadro de abaixo e rodea cun círculo tódolos números impares:**

589	245	814	922	387	415	510
910	312	428	562	216	298	905
119	235	627	311	621	598	342
368	213	276	563	265	111	257
639	256	627	609	190	397	677
682	672	711	309	512	714	671
396	301	612	678	640	222	911
988	298	266	112	520	405	321

**9- Memoria. A continuación temos dúas columnas con palabras, a da esquerda con pratos típicos e a da dereita con ingredientes.**



Úneas emparellando cada ingrediente co prato que máis o necesite.

Paella

Ovos

Caldo

Garbanzos

Callos

Leituga

Ensalada

Morcilla

Rosquiñas

Arroz

Fabada

Unto

10- Sudokus. Completa os seguintes Sudokus sen repetires ningún número na mesma fila, columna ou cadrado poñendo os números que faltan do 1 ó 6.

6	2	5			
4	3	1	2		
			6		5
2		6	3		1
1	4		5	6	2
5	6	2		3	

Sudoku. Para resolver o seguinte, hai que seguir o mesmo método pero cos números do 1 ó 9.

4		3				6	7	
			1		9			
2		9		3	6	1		
	9			6	2			
7		6				5		4
			5	1			9	
		1	6	9		3		7
			3		8			
	3	4				9		8

### 11- Reto na casa:

Neste reto traballaremos a nosa memoria.

Temos que escoller unha canción que nos guste e trataremos de escribir a letra.

Pode que non lembremos algunha estrofa, un pequeno truco é escribir segundo recordemos e cantar as partes que teñamos para coller o fío da letra coa axuda da melodía.

Poderémolle pedir axuda a alguén para completar as partes da letra que non recordemos.

## SOLUCIÓNS

1

1. Alegrín
2. Suegos
3. Polo seu difícil acceso
4. Dunha pequena aldea na que os seus habitantes vivían felices e alegres
5. Que alguén de fora lles contaxiara as súas penas
6. Illote Gabeiras
7. O apóstolo Santiago ou Santo André

2

As froitas que cambian de posición son: A sandía, o limón e o melocotón.

4

1. Unha mazá
2. Garabata
3. Dous
4. De pé
5. Nada

5

- |         |       |
|---------|-------|
| a) 445  | f)5   |
| b) 1182 | g)14  |
| c) 474  | h)19  |
| d) 5071 | i)405 |

e) 3254

k)100

6




7

1. Calamar
2. Cadeira
3. Peixe
4. Bolboreta
5. Granxa
6. Ensalada
7. Churrasco
8. Pintura
9. Cabalo
10. Toxo

8

589	245	814	922	387	415	510
910	312	428	562	216	298	905
119	235	627	311	621	598	342
368	213	276	563	265	111	257
639	256	627	609	190	397	677
682	672	711	309	512	714	671
396	301	612	678	640	222	911
988	298	266	112	520	405	321

9



10

6	2	5	4	1	3
4	3	1	2	5	6
3	1	4	6	2	5
2	5	6	3	4	1
1	4	3	5	6	2
5	6	2	1	3	4

4	1	3	8	2	5	6	7	9
5	6	7	1	4	9	8	3	2
2	8	9	7	3	6	1	4	5
1	9	5	4	6	2	7	8	3
7	2	6	9	8	3	5	1	4
3	4	8	5	1	7	2	9	6
8	5	1	6	9	4	3	2	7

9	7	2	3	5	8	4	6	1
6	3	4	2	7	1	9	5	8